

BAR
CAPIUTERÍA
Grazas pola
sua visita

Compañía
Sara Domoso

Alberto Alpid
Tayone

B A R - C A F E T E R Í A

G R A Z A S P O L A S Ú A V I S I T A

Bar - cafetería. Gracias pola súa visita non é unha exposición. Tampouco unha cafetería. A súa razón de ser atópase no espazo intermedio que acolle a ambas.

As obras de Alberto Ardid, o colectivo Rapapawn (formado por Cynthia Alfonso e Óscar Raña) e Tayone cónfórmanse aquí como unha conxugación de ideas, pero tamén de actitudes, de ilusións (por un tempo futuro), de alusións (cara a un tempo pasado) e dunha clara visión artística que ten a capacidade de converter o visual en reivindicación.

Tanto os artistas como a comisaria, Sara Donoso, estudamos nunha facultade que se movía, onde os corredores convertíanse en aulas portátiles e o cheiro a augarrás mesturábase co fume do tabaco. Unha facultade cunha cafetería que era moito máis que iso. Un lugar onde podías comer por menos de 5€ ou abrir o tupper e sentarte sen problema entre compañeiros e profesores. Entón na facultade sempre había xente, dentro e fóra das aulas, e configurábase como un fervedoiro non só da escena artística senón tamén da vida social da cidade. Sucederon moitas cousas desde entón: cambios de normativa, modificacións curriculares, unha pandemia... e o peche da cafetería que, por diferentes motivos, non volveu a abrir as súas portas e reconverteuse no espazo expositivo *O abrigo*. Os corredores xa non cheiran a fume, nin a herba, case nin a pintura. As aulas seguen vivas pero fóra delas hai algo aséptico no ambiente. Non hai un lugar de reunión distendido, nin un sitio onde saciar a sede, nin as ideas, tampouco as inquietudes. Que foi desa cafetería coroada polo cadro *Un berro por Belas Arte*?

Foi en 1993 cando Laxeiro, en solidariedade coas protestas á precaria situación na que se atopaba a sede provisional da facultade, situada no antigo Fogar Provincial de Pontevedra, pintou *in situ Un berro por Belas Artes*. O lenzo foi doado ao alumnado e o seu acto, case performático, converteuse nun berro polo futuro da facultade. Un berro que durante décadas acompañou o tránsito de todas as persoas que debatían, comían, se emborrachaban ou se reunían na cafetería. Isto non é unha cafetería, pero si é, talvez, un novo berro; unha voz que clama por recuperar ese punto de encontro, pola posibilidade de volver contar cun espazo social máis aló das aulas.

A propia concepción deste proxecto tivo moito de procesual. O que empezou como un convite ao uso para mostrar a obra de artistas cuxas lóxicas formais e conceptuais converxen en diferentes puntos, acabou convertido nun extenso debate sobre a posibilidade de realizar un proxecto a catro mans até, finalmente, frutificar nesta proposta experimental. Longas conversacións de WhatsApp, reticencias e insistencias, choivas de ideas tan desatinadas como soberbias. Durante un tempo competiron os impulsos por recrear unha cafetería coas complexidades e contradicións asociadas: que relación pode ter coas obras?, como se ve reivindicar unha cafetería por parte de quen si a gozou?, temos medios para ofrecer un servizo funcional?, conseguiremos dinamizar o espazo ou este mesmo proxecto vivirá o seu fracaso?

Son cuestións que se nos escapan, e que estiveron a piques de vencer ás ganas de recuperar un ambiente de evasión para a facultade. Pero, como exalumnos e exalumnas, quen participamos neste proxecto continuamos relacionándonos coa universidade de moi diversas maneiras: algunhas veces como artistas, ou colaborando en propostas de xestión, en ocasións tamén como docentes e, sempre, como achegados. Non deixamos de medir o pulso á actividade de Belas Artes. Talvez por iso xurdiu, a modo de broma, a posibilidade de titular *Bar - cafetería. Gracias pola súa visita* a esta exposición. E a broma foise facendo máis grande, e valorouse a opción de recreala. Entón, entre os variados argumentos a favor, o chat encheuse de frases como: “A facultade de Belas Artes, sen a súa zona común de distensión, parécese máis a cubículos académicos onde non se debate sobre o futuro. A cafetería é un pretexto para reivindicar isto, devolver aos espazos interaccións e debates”. Así que decidimos tentalo.

Gracias pola súa visita non é exactamente unha cafetería, pero si busca introducir simbolicamente o debate sobre o baleiro que esta deixou, respondendo á demanda dun espazo de socialización.

O proxecto fórmulase como un organismo vivo que transforma a sala nun campo de acción relacional; onde a demanda da reapertura da cafetería se converte en pretexto para reactivar a memoria afectiva da facultade e converterse nun espazo de encontro colectivo e mutante.

Aquí permítese tomar café, infusións, picar algo e, sobre todo, conversar, descansar, sentarse, queixarse, ler e gozar das pezas que acompañan e terminan de dar sentido a este proxecto.

Polo menos durante o tempo que dure a exposición. Despois, quen sabe, talvez esta semente funcione como base para volver coller impulso e que se aliñen as forzas, administrativas e persoais, que permitan imaxinar unha nova reapertura da cafetería.

O propio título xoga coa ambigüidade ao referirse a un acto de agradecemento, como pode ser o de visitar un establecemento, ademais de sinalar unha relación directa coa icónica mensaxe que lanzan os panos de mesa nos bares tradicionais que aínda resisten á moda das frases motivacionais. O ambiguo, o indeterminado, o que recorre á etiqueta para fuxir dela é xustamente o que expoñen as obras presentes nesta mostra: traballos que se atopan cómodos entre os intersticios, que se introducen nas marxes do sistema para resitalo, aplicando mecanismos contextuais e cotiáns, referencias visuais que parten dun escenario compartido: a rúa, as pantallas, os medios de consumo... Nos traballos de Rapapawn, Tayone e Alberto Ardid están presentes as superposicións, a repetición e a acumulación que atopa nas formas de vida actuais a máxima expresión dos modelos capitalistas. Ademais da manifesta proximidade estilística, o contraste entre materiais propios de procesos industriais, non nobres, e o refinamento formal que deixan entrever os acabados das súas obras atopa un interesante equilibrio desde que o recoñecer as propias incongruencias do sistema.

Dalgunha maneira, os seus traballos aluden a un mundo a medio facer, a un proceso de bucle constante. Como esta exposición, ou esta cafetería que, sen ser nin unha cousa nin a outra, pode ser ambas. Pero é, sobre todo, o ensaio dun espazo coral que emprega a arte non como obxecto senón como vehículo para a construción de diálogos, máis alá da súa formulación plástica, indicando o seu valor como plataforma colectiva de análise e entendemento. E tamén pode ser, en esencia, o berro que todas levamos dentro.


A c t i v a c i ó n d a e x p o s i c i ó n

Coa intención de activar a proposta e fuxir dun formato convencional, durante o tempo de duración da mostra realizaranse dúas exposicións efémeras do alumnado, guiadas polos artistas e docentes Cynthia Alfonso e Óscar Raña e polo profesor e responsable da sala Ignacio Pérez-Jofre. De xeito interdependente pero diferenciado, as mostras convivirán co resto do proxecto e suporán un exercicio de revisión e adaptación do lugar, apoiando o obxectivo de dinamizar e humanizar o espazo.

- A L B E R T O A R D I D


Alberto Ardid atopa no incómodo o propósito para dar inicio a cada proposta artística. O seu traballo incorpora a dúbida e o cuestionamento; ten a capacidade de subverter o establecido para conxugar novas interpretacións a partir de materiais asociados a determinadas pautas culturais ou de comportamento.

As súas obras baséanse na combinación de elementos previamente connotados que, ao introducirse na lóxica do obxecto artístico, idean novas interpretacións que supoñen un choque fronte á súa función orixinal. Esta apropiación leva á construción de novos paradigmas que convidan a resituarnos como consumidores críticos, aludindo á noción de mercadería, á obsolescencia do consumo e aos procesos de construción e deconstrución. A través deste enfoque, Ardid desprega un xogo de binomios entre o pulcro e o degradado, chegando a tensionar a nosa relación cos obxectos e o seu valor simbólico.



Fresh Paintings, 2025
Esmalte e acrílico sobre papel envasado ao baleiro
20x30 cm c/u

Esta instalación artículase a partir dun moble-vitrina de bar, habitualmente utilizado para exhibir tapas e petiscos. No seu interior, unha serie de tarxetas envasadas ao baleiro conteñen manchas e composicións de pintura fresca, establecendo un paralelismo simbólico entre a pintura e un produto culinario listo para ser “consumido”. A través deste xesto, a obra propón un diálogo entre gastronomía, coleccionismo e creación artística, expondo as súas dinámicas como parte dun sistema de mercaderías. A pintura, sempre fresca, permanece nun estado de latencia, desafiando a noción de acabado e cuestionando os límites entre o efémero e o perdurable.




VI60, 2025
Cera e vela electrónica sobre ferro
Medidas variables

O esqueleto oxidado dun antigo letreiro de cafetaría eríxese como vestixio dun espazo que algunha vez estivo habitado. Sobre a súa estrutura, unha masa de cera, intervida a modo de excrementos de paxaros, suxire o habitar orgánico do paso do tempo sobre a artificialidade do consumo, á vez que sostén a tenue luz dunha vela que simula palpitar o seu fin. A chama, con todo, mantén a potencia suficiente para impregnar de ferruxe o teito da sala, trazando siluetas de avelaíñas en voo. Desde unha configuración visual sintética e poderosa, o uso simbólico destes elementos (letreiro, cera, vela, ferruxe) materializa a tensión entre presenza e ausencia, abrindo un campo de preguntas ao redor da memoria e cicatriz que proxectan os espazos en desuso.


T A Y O N E

Tayone desenvolve a súa práctica artística explorando ideas que se materializan en diversos soportes e formatos como lenzos, publicacións, murais, memes e pezas. O seu enfoque interdisciplinar establece un diálogo constante entre o analóxico e o dixital, articulando liñas visuais que simultaneamente cruzan planos e procesos complementarios. Centrado na investigación plástica desde a óptica da abstracción xeométrica, os seus proxectos de pintura-ficción vense retroalimentados por diferentes procesos estéticos (in)voluntarios que se dan no espazo público.

Nas súas obras observamos unha exploración minimalista de liñas, formas, cores e capas que interactúan nunha poética de solapamentos entre fondo e figura. A fragmentación, os baleiros e a supresión de superficies xeran vestixios visuais que o artista concibe como un “crebacabezas cósmico (cosmético)” en constante transformación. Este universo atomizado aliméntase de referencias como o grafiti e outras linguaxes visuais, compondo un sistema en constante transformación onde se dilúen as fronteiras entre o material e o simbólico.



Unpainted I, 2020
Técnica mixta sobre lenzo
150 x80 cm



Urban Faces, 2020
Sprai sobre madeira
50x70 cm


R A P A P A W N

Cynthia Alfonso e Óscar Raña comezaron a traballar xuntos en 2017, e desde entón non pararon de compaxinar proxectos de cómic, animación, pintura e instalación. O núcleo da súa obra en común constitúeo Rapapawn, estudo de animación experimental desde o cal traballan unha abstracción xeométrica que se desprega fotograma a fotograma, apoiada a miúdo en relacións entre forma, ritmo, liña e cor; así como en distintas engrenaxes conceptuais que reforzan a súa imaxinaria.



Unha leira de millo, 2022
Acrílico e carboncillo sobre lenzo
Medidas variables

A obra de Rapapawn integra un carácter experimental que bebe das formulacións plásticas de diversas fontes como o cómic, a música, a pintura ou a animación. Tratando de sintetizar algúns dos principais elementos destas linguaxes, as súas pinturas revisitan os enunciados da abstracción xeométrica para adaptala aos ritmos deste mundo cambiante e dixital, vibrante e anacrónico. Aquí, a falacia da peza única deixa paso a un xogo de vínculos que se despregan entre as obras coma unha viñeta gráfica expandida. A través da interacción entre cor, liña, ritmo e espazo, os artistas desafían as posibilidades da xeometría, xerando composicións dinámicas que oscilan entre o *glitch* e a ilusión óptica.



Sen vínculo, 2025
Videoinstalación
Medidas variables

Sen vínculo é unha videoinstalación que establece un diálogo entre diferentes soportes e contextos a través dunha mesa de cociña de aceiro e seis televisores analóxicos. A peza toma como eixo conceptual a idea de cafetería, explorando a súa ausencia e a súa carga simbólica dentro da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. A mesa, pertencente ao mobiliario da antiga cafetería, preséntase despoxada da súa funcionalidade orixinal, intercalando a idea do baleiro e disfuncionalidade do mobiliario coas imaxes que, desde os televisores, amósanse encapsuladas nun bucle espectral. Estes sinais, codificados en formatos obsoletos, evocan unha memoria en tránsito, un rastro de actividade que persiste malia a desaparición do espazo que o acollía.



BAR-CAFETERÍA

Grazas pola súa visita

Artistas: Alberto Ardid, colectivo Rapapawn (formado por
Cynthia Alfonso e Óscar Raña) e Tayone
Comisaría: Sara Donoso

Créditos:
Imaxes: os/as artistas
Deseño: Cynthia Alfonso e Óscar Raña.
Textos: Sara Donoso
Impresión: RISO / Error es bien editorial

Mediación e activación da sala
Exposición de alumnado
guiado por Ignacio Pérez Jofre
Exposición de alumnado guiado por
Cynthia Alfonso e Óscar Raña

BAR-CAFETERÍA


Grazas pola súa visita

Artistas: Alberto Ardid, colectivo Rapapawn (formado por
Cynthia Alfonso e Óscar Raña) e Tayone
Comisaría: Sara Donoso

Créditos:
Imágenes: los/as artistas
Diseño: Cynthia Alfonso y Óscar Raña.
Textos: Sara Donoso
Impresión: RISO / Error es bien editorial
Mediación y activación de la sala
Exposición de alumnado guiado por
Ignacio Pérez Jofre
Cynthia Alfonso y Óscar Rasca

Alberto Ardi encuentra en lo incómodo el propósito para dar inicio a cada propuesta artística. Su trabajo incorpora la duda y el cuestionamiento; tiene la capacidad de subvertir lo establecido para conjugar nuevas interpretaciones a partir de materiales asociados a determinadas pautas culturales o de comportamiento.

Sus obras se basan en la combinación de elementos previamente connotados que, al introducirse en la lógica del objeto artístico, idean nuevas interpretaciones que suponen un choque frente a su función original. Esta apropiación conlleva la construcción de nuevos paradigmas que invitan a resituarnos como consumidores críticos, aludiendo a la noción de mercancía, la obsolescencia del consumo y los procesos de construcción y deconstrucción. A través de este enfoque, Ardi despliega un juego de binomios entre lo pulcro y lo degradado, llegando a tensionar nuestra relación con los objetos y su valor simbólico.



V160, 2025
Cera y vela electrónica sobre hierro

Medidas variables

El esqueleto oxidado de un antiguo letrero de cafetería se erige como vestigio de un espacio que alguna vez estuvo habitado. Sobre su estructura, una masa de cera, intervenida a modo de excrementos de pájaros, sugiere el habitat orgánico del paso del tiempo sobre la artificialidad del consumo, al tiempo que sostiene la tenue luz de una vela que simula palpitir su fin. La llama, sin embargo, mantiene la potencia suficiente para impregnar de hollín el techo de la sala, trazando siluetas de polillas en vuelo. Desde una configuración visual sintética y poderosa, el uso simbólico de estos elementos (letrero, cera, vela, hollín) materializa la tensión entre presencia y ausencia, abriendo un campo de preguntas en torno a la memoria y cicatriz que proyectan los espacios en desuso.

T A Y O N E

Tayone desarrolla su práctica artística explorando ideas que se materializan en diversos soportes y formatos como lienzos, publicaciones, murales, memes y prendas. Su enfoque interdisciplinar establece un diálogo constante entre lo analógico y lo digital, articulando líneas visuales que simultáneamente cruzan planos y procesos complementarios. Centrado en la investigación plástica desde la óptica de la abstracción geométrica, sus proyectos de pintura-ficción se ven retroalimentados por diferentes procesos estéticos (in/voluntarios) que se dan en el espacio público. En sus obras observamos una exploración minimalista de líneas, formas, colores y capas que interactúan en una poética de solapamientos entre fondo y figura. La fragmentación, los vacíos y la supresión de superficies generan vestigios visuales que el artista concibe como un “rompecabezas cósmico (cosmético)” en constante transformación. Este universo atomizado se alimenta de referencias como el graffiti y otros lenguajes visuales, componiendo un sistema en constante transformación donde se diluyen las fronteras entre lo material y lo simbólico.




Fresh Paintings, 2025
Esmalte y acrílico sobre papel envasado al vacío

Esta instalación se articula a partir de un mueble- vitrina de bar, habitualmente utilizado para exhibir tapas y aperitivos. En su interior, una serie de tarjetas envasadas al vacío contienen manchas y composiciones de pintura fresca, estableciendo un paralelismo simbólico entre la pintura y un producto culinario listo para ser “consumido”. A través de este gesto, la obra propone un diálogo entre gastronomía, coleccionismo y creación artística, exponiendo sus dinámicas como parte de un sistema de mercancías. La pintura, siempre fresca, permanece en un estado de latencia, desafiando la noción de acabado y cuestionando los límites entre lo efímero y lo perdurable.



Unpainted I, 2020
Técnica mixta sobre lienzo

150x80 cm



Urban Faces, 2020
Spray sobre madera

50x70 cm


Cynthia Alfonso y Oscar Raña comenzaron a trabajar/juntos en 2017, y desde entonces no han parado de compaginar proyectos de cómic, animación, pintura e instalación. El núcleo de su obra en común lo constituye Rapapawn, estudio de animación experimental desde el cual trabajan una abstracción geométrica que se despliega fotograma a fotograma, apoyada a menudo en relaciones entre forma, ritmo, línea y color, así como en distintos engranajes conceptuales que refuerzan su imaginaria.



Unha leira de milic, 2022
Acrílico y carbóncillo sobre lienzo.

Medidas variables

La obra de Rapapawn integra un carácter experimental que bebe de las formulaciones plásticas de diversas fuentes como el cómic, la música, la pintura o la animación. Tratando de sintetizar algunos de los principales elementos de estos lenguajes, sus pinturas revisitan los enunciados de la abstracción geométrica para adaptarla a los ritmos de este mundo cambiante y digital, vibrante y anacrónico. Aquí, la falacia de la pieza única deja paso a un juego de vínculos que se despliegan entre las obras como si se tratara de una viñeta gráfica expandida. A través de la interacción entre color, línea, ritmo y espacio, los artistas desafían las posibilidades de la geometría, generando composiciones dinámicas que oscilan entre el *glitch* y la ilusión óptica.



Sen vinculo, 2025
Videoinstalación

Medidas variables

Sen vinculo es una videoinstalación que establece un diálogo entre diferentes soportes y contextos a través de una mesa de cocina de acero y seis televisores analógicos. La pieza toma como eje conceptual la idea de cafetería, explorando su ausencia y su carga simbólica dentro de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra. La mesa, perteneciente al mobiliario de la antigua cafetería, se presenta despojada de su funcionalidad original, intercalando la idea del vacío y la disfuncionalidad del mobiliario con las imágenes que, desde los televisores, se muestran encapsuladas en un bucle espectral. Estas señales, codificadas en formatos obsoletos, evocan una memoria en tránsito, un rastro de actividad que persiste a pesar de la desaparición del espacio que lo acogía.

Bar - cafetería. Grazas pola súa visita no es una exposición. Tampoco una cafetería. Su razón de ser se encuentra en el espacio intermedio que acoge a ambas.

Las obras de Alberto Ardid, el colectivo Rapapawrn (formado por Cynthia Alfonso y Oscar Raña) y de WhatsApp, reticencias e insistencias, lluvias de ideas tan descabelladas como soberbias. Durante un tiempo compitieron los impulsos por recrear una cafetería con las complejidades y contradicciones asociadas: ¿qué relación puede tener con las obras; ¿cómo se ve reivindicar una cafetería por parte de quien si la disfrutó; ¿tenemos medios para ofrecer un servicio funcional; ¿conseguiremos dinamizar el espacio o este mismo proyecto vivirá su fracaso?

Son cuestiones que se nos escapan, y que estuvieron a punto de vencer a las ganas de recuperar un ambiente de evasión para la facultad. Pero, como exalumnos y exalumnas, quienes participamos en este proyecto continuamos relacionándonos con la universidad de muy diversas maneras: algunas veces como artistas, o colaborando en un punto de ebullición no solo de la escena artística dentro y fuera de las aulas, v se configuraba como un punto de ebullición no solo de la escena artística sino también de la vida social de la ciudad. Han sucedido muchas cosas desde entonces: cambios de normativa, modificaciones curriculares, una pandemia... y el cierre de la cafetería que, por diferentes motivos, no ha vuelto a abrir sus puertas y se ha reconvertido en el espacio expositivo *O abrigu*. Los pasillos ya no huelen a humo, ni a hierba, casi ni a pintura. Las aulas siguen vivas pero fuera de ellas hay algo aseptico en el ambiente. No hay un lugar de reunión distendido, ni un sitio donde saciar la sed, ni las ideas, esto, devolverse a los espacios interacciones futuras. La cafetería es un pretexto para reivindicar esto, devolver a los espacios interacciones y debates". Así que decidimos intentarlo.

Fue en 1993 cuando Laxeiro, en solidaridad con las protestas a la precaria situación en la que se encontraba la sede provisional de la facultad, ubicada en el antiguo Hogar Provincial de Pontevedra, pintó *in situ Un berro por Belas Artes*. El lienzo fue donado al alumnado y su acto, casi performático, se convirtió en un grito por el futuro de la facultad. Un grito que durante décadas acompañó el tránsito de todas las personas que debatían, comían, se emborrachaban o se reunían en la cafetería. Esto no es una cafetería, pero sí es, tal vez, un nuevo grito; una voz que clama por recuperar ese punto de encuentro, por la posibilidad de volver a leer y disfrutar de las piezas que acompañan

contar con un espacio social más allá de las aulas.

La propia concepción de este proyecto ha tenido mucho de procesual. Lo que empezó como una invitación al uso para mostrar la obra de artistas cuyas lógicas formales y conceptuales convergen en diferentes puntos, acabó convertido en un extenso debate sobre la posibilidad de realizar un proyecto a cuatro manos hasta, finalmente, fructificar en esta propuesta experimental. Largas conversaciones de WhatsApp, reticencias e insistencias, lluvias de ideas tan descabelladas como soberbias. Durante un tiempo compitieron los impulsos por recrear una cafetería con las complejidades y contradicciones asociadas: ¿qué relación puede tener con las obras; ¿cómo se ve reivindicar una cafetería por parte de quien si la disfrutó; ¿tenemos medios para ofrecer un servicio funcional; ¿conseguiremos dinamizar el espacio o este mismo proyecto vivirá su fracaso?

Son cuestiones que se nos escapan, y que estuvieron a punto de vencer a las ganas de recuperar un ambiente de evasión para la facultad. Pero, como exalumnos y exalumnas, quienes participamos en este proyecto continuamos relacionándonos con la universidad de muy diversas maneras: algunas veces como artistas, o colaborando en un punto de ebullición no solo de la escena artística dentro y fuera de las aulas, v se configuraba como un punto de ebullición no solo de la escena artística sino también de la vida social de la ciudad. Han sucedido muchas cosas desde entonces: cambios de normativa, modificaciones curriculares, una pandemia... y el cierre de la cafetería que, por diferentes motivos, no ha vuelto a abrir sus puertas y se ha reconvertido en el espacio expositivo *O abrigu*. Los pasillos ya no huelen a humo, ni a hierba, casi ni a pintura. Las aulas siguen vivas pero fuera de ellas hay algo aseptico en el ambiente. No hay un lugar de reunión distendido, ni un sitio donde saciar la sed, ni las ideas, esto, devolverse a los espacios interacciones futuras. La cafetería es un pretexto para reivindicar esto, devolver a los espacios interacciones y debates". Así que decidimos intentarlo.

Gracias por su visita no es exactamente una cafetería, pero sí busca introducir simbólicamente el debate sobre el vacío que ésta ha dejado, respondiendo a la demanda de un espacio de socialización. El proyecto se formula como un organismo vivo que transforma la sala en un campo de acción relacional; donde la demanda de la reapertura de la cafetería se convierte en pretexto para reactivar la memoria afectiva de la facultad y convertirse en un espacio de encuentro colectivo y mutante.

Aquí se permite tomar café, infusiones, picar algo y sobre todo, conversar, descansar, sentarse, quejarse, leer y disfrutar de las piezas que acompañan

y terminan de dar sentido a este proyecto. Al menos durante el tiempo que dure la exposición. Después, quién sabe, tal vez esta semilla funcione como base para volver a coher impulso y que se alineen las fuerzas, administrativas y personales, que permitan imaginar una nueva reapertura de la cafetería.

El propio título juega con la ambigüedad al referirse a un acto de agradecimiento, como puede ser el de visitar un establecimiento, además de señalar una relación directa con el icónico mensaje que lanzan las servilletas en los bares tradicionales que aún resisten la moda de las frases motivacionales. Lo ambiguo, lo indeterminado, lo que recurre a la etiqueta para huir de ella es justamente lo que plantean las obras presentes en esta muestra: trabajos que se encuentran cómodos entre los intersticios, que se introducen en los márgenes del sistema para resituarlo, aplicando mecanismos contextuales y cotidianos, referencias visuales que parten de un escenario compartido: la calle, las pantallas, los medios de consumo... En los trabajos de Rapapawrn, Tayone y Alberto Ardid están presentes las superposiciones, la repetición y la acumulación que encuentra en las formas de vida actuales la máxima expresión de los modelos capitalistas. Además de la manifiesta cercanía estilística, el contraste entre materiales propios de procesos industriales, no nobles, y el refinamiento formal que dejan entrever los acabados de sus obras encuentra un interesante equilibrio desde que el reconocer las propias incongruencias del sistema.

De alguna manera, sus trabajos aluden a un mundo a medio hacer, a un proceso de bucle constante. Como esta exposición, o esta cafetería que, sin ser ni una cosa ni a otra, puede ser ambas. Pero es, sobre todo, el ensayo de un espacio coral que emplea el arte no como objeto sino como vehículo para la construcción de diálogos, más allá de su planteamiento plástico, indicando su valor como plataforma colectiva de análisis y entendimiento. Y también puede ser, en esencia, el grito que todas llevamos dentro.

Activación de la exposición

Con la intención de activar la propuesta y huir de un formato convencional, durante el tiempo de duración de la muestra se realizarán dos exposiciones efímeras del alumnado, guiadas por los artistas y docentes Cynthia Alfonso y Oscar Raña y por el profesor y responsable de la sala Ignacio Pérez-Jofre. De manera interdependiente pero diferenciada, las muestras convivirán con el resto del provecho y supondrán un ejercicio de revisión y adaptación del lugar, apoyando el objetivo de dinamizar y humanizar el espacio.